auxiliarse na realización do exercicio. Tampouco existirá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2006.

Loreto Díaz Sánchez
Presidenta do tribunal

Resolución do 26 de setembro de 2006, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo subalterno da Xunta de Galicia (grupo E), pola que se dá publicidade a diversos acordos do proceso selectivo convocado por Orde do 1 de decembro de 2005.

En sesión que tivo lugar o día 26 de setembro de 2006, o tribunal designado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 4 de abril de 2006, modificada pola Orde do 1 de setembro (DOG nº 173, do 7 de setembro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo subalterno da Xunta de Galicia (grupo E), convocado pola Orde do 1 de decembro de 2005 (DOG nº 239, do 15 de decembro), e de conformidade co establecido na dita orde de convocatoria:

ACORDOU:

Primeiro.-Rectificar de oficio, de acordo co disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, a resposta correcta á pregunta número 8, pasando a ser a C en lugar da B que consta no cadro de respostas correctas publicado.

Segundo.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Terceiro.-De conformidade co disposto na base II.1.2. da convocatoria, superaron o 2º exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de cinco (5) puntos, fixándose en corenta (40) o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na mesma base.

Cuarto.-Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao 2º exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo subalterno da Xunta de Galicia (grupo E), no pavillón número 1 do Recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda (Pontevedra), na Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas delegacións provinciais da mencionada consellería, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

De acordo coa base II.1.2 da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas con relación ás puntuacións, no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2006.

Ramón del Valle López
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 26 de setembro de 2006, da Secretaría Xeral de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir a especialidade de jazz no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Xa que resulta necesario para o próximo curso académico 2006-2007 a contratación de profesores especialistas para impartir as especialidades de jazz no Conservatorio Superior de Música da Coruña, efectúase esta convocatoria conforme as seguintes bases:

Primeiro.-Convócanse prazas de profesores especialistas no Conservatorio Superior de Música da Coruña, para impartir docencia de:

-Jazz-saxofón.
-Jazz-trompeta.
-Jazz-trombón.
-Jazz-batería.
-Jazz-piano.
-Jazz-contrabaixo.
-Jazz-guitarra.

Segundo.-Prazo de solicitude.

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-Modelo de solicitude.

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais, e está a disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo:www.edu.xunta.es profesorado/interinos-substitutos/convocatorias apertura de listaxes de substitutos, servizo de secundaria (documentos relacionados).

Cuarto.-Comisión baremadora.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión nomeada polo secretario xeral e constituída por:

-O subdirector xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente, que será o seu presidente.

-A xefa do servizo de profesorado de educación secundaria, formación profesional e de réxime especial.

-Un asesor da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Poderán asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

Quinto.-Requisitos dos candidatos:

-Estar en posesión do título superior de jazz conforme a LOXSE.

-Acreditar o curso de perccionamento en lingua galega ou equivalente.

Sexto.-No suposto de non cumprir o requisito de titulación establecido no punto anterior, aplicarase o seguinte baremo:

1. Experiencia profesional.

1.1. Por cada ano de experiencia docente en conservatorios superiores ou profesionais de música: 1 punto (máximo 4 puntos).

1.2. Por cada ano de experiencia docente en escolas de música: 0,5 puntos (máximo 2 puntos).

1.3. Por concertos de jazz como solista: ata un máximo de 3 puntos.

-Organizados por institucións públicas: ata 2 puntos.

-Organizados por institucións privadas: ata 1 punto.

1.4. Por concertos en grupos de jazz como acompañante: ata 1 punto.

-Organizados por institucións públicas: ata 0,75 puntos.

-Organizados por institucións privadas: ata 0,25 puntos.

1.5. Por gravacións discográficas: ata 2 puntos.

A acreditación dos méritos correspondentes a esta epígrafe efectuarase por medio de contratos de traballo, programas de concerto, recensións de prensa, ou por calquera outro procedemento fidedigno. Polo que respecta ás gravacións discográficas, só se valorarán as que conten co ISBN, ISMN ou depósito legal.

2. Actividades de formación.

2.1. Pola impartición de actividades de formación e/ou actualización didáctica homologadas, relacionadas co jazz, organizadas polas administracións educativas: 0,05 puntos por cada 10 horas, ata un máximo de 3 puntos.

2.2. Pola impartición doutras actividades de formación e/ou actualización didáctica relacionadas co jazz: ata un máximo de 2 puntos.

2.3. Pola asistencia a cursos de formación e/ou actualización relacionados co jazz, organizados polas administracións educativas: 0,05 puntos por cada 10 horas, ata un máximo de 2 puntos.

2.4. Pola asistencia a outros cursos de formación e/ou actualización relacionados co jazz: ata un máximo de 1 punto.

3. Publicacións.

3.1. Pola publicación de artigos e traballos en revistas especializadas, que conten co ISBN, ISMN ou depósito legal: ata 1 punto

3.2. Pola publicación, coordinación e colaboración en libros, que conten co ISBN, ISMN ou depósito legal: ata 1 punto.

4. Titulacións.

4.1. Por cada título superior de música, conforme a LOXSE, ou titulación equivalente: 2 puntos.

4.2. Por cada título de profesor, conforme o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro: 1 punto.

5. Proxecto docente referido á especialidade de jazz: ata 4 puntos.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2006.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de
Educación e Ordenación Universitaria

CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE

Corrección de erros.-Resolución do 6 de xuño de 2006 pola que se convocan probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de auxiliar administrativo deste organismo, polo sistema de acceso libre.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no DOG número 184, do venres 22 de setembro de 2006, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 14.438, punto 5.1, engádese:

5.1.2. Desde a data do anuncio de publicación das notas do último exercicio da fase de oposición, os aspirantes disporán dun prazo de 20 días naturais para presentar a documentación relativa á fase de concurso.